



Con relación ao seu escrito remitido á Conselleira de Sanidade con data 5 de agosto de 2010, cómpre manifestarlle o seguinte:

Como ben saben, o procedemento de concurso de traslados ten unha especial dificultade polo número e características das prazas a ofertar (39 categorías con centros de atención especializada e primaria). Con carácter previo á publicación das prazas a ofertar e co obxectivo de minimizar as posibles incidencias, producíronse por parte da Dirección de Recursos Humanos continuos envíos das prazas susceptibles de publicación tanto aos centros como ás organizacións sindicais, ata a publicación da correspondente Resolución no Diario Oficial de Galicia do pasado día 28 de xullo.

Non obstante, como ven sendo habitual, e como ocorreu no anterior concurso de traslados convocado por este organismo o pasado 2007, no que se publicou unha corrección de erros aos 20 días da publicación da convocatoria, foi necesario realizar, con data 9 de agosto, a oportuna corrección de erros para evitar situacións futuras prexudiciais para os traballadores.

Convén recordar que neste concurso de traslados o prazo para a presentación de solicitudes de participación excede do prazo dun mes que ven sendo habitual para este tipo de procesos, e estará aberto ata o vindeiro 15 de setembro.

Así mesmo o aplicativo informático actualizouse de xeito automático no momento no que se detectaron as diferentes incidencias. A maior abundamento sinalar que este aplicativo permite realizar máis dunha solicitude, polo que o persoal que xa teña realizada a solicitude poderá modificala as veces que considere necesarias en función das correccións realizadas, incluso, aquel persoal que xa presentou a solicitude por rexistro, igualmente pode modificala presentando outra posterior, xa que se lle terá en conta a solicitude de data máis recente.

En canto á aparición do nome das provincias en idioma castelán, trátase dun erro puntual no programa informático que se circunscribe ao "Paso 1" do formulario de solicitude para o Concurso de Traslados. Agora si, sorpréndenos que dito erro sexa considerado unha mala praxe desta administración con respecto á lingua galega, cando estes topónimos lévanse amosándose deste mesmo xeito que vostedes agora denuncian en tódolos procesos selectivos celebrados desde o ano 2002.

Descoñecemos se desde o ano 2002, veñen denunciando a corrección deste erro, pero o que lle podemos garantir e que dende agosto de 2010, o mesmo xa está corrixido.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2010
A directora de Recursos Humanos


Esperanza Fernández Lago

M^a Xosé Abuín Álvarez, Secretaria Nacional de CIG-Saúde

